

TEMA 12: O TEATRO DE FINS DO XX E COMEZOS DO XXI. TEMAS E AUTORES DOS 80 E DOS 90. DRAMATURGOS, TENDENCIAS E COMPAÑÍAS ACTUAIS MÁIS RELEVANTES.

O cambio de réxime vivido á morte do ditador Franco conlevou unha mudanza radical no terreo literario, reorientando e diversificando a oferta. O mesmo sucede no teatro, no que se produce unha revitalización que nunca tivera na nosa historia literaria, mais de todos os xeitos continúa a ser “a irmá pobre” da literatura, gozando dunha posición inferior á poesía ou á narrativa.

A recuperación do teatro galego a partir da década dos 70 vaise ver fortalecida nas seguintes. Ademais da consolidación de autores do Grupo Abrente como Manuel Lourenzo ou Roberto Vidal Bolaño, auténticos “pais” do teatro actual, xorden outros novos que van posibilitar a normalización da nova dramaturxia.

Tras as mostras do teatro independente de Ribadavia a través de Abrente, a dramaturxia galega vaise estabilizando coa súa tendencia á profesionalidade. O teatro galego acadará catro anos máis tarde, no ambiente de liberdade obtido a través do Estatuto de Autonomía en 1981, carácter institucional por medio da creación do Centro Dramático Galego (1984), dependente da Xunta de Galicia, onde se forman actores e actrices e mais se aprende dirección teatral, á parte da promoción da publicación, con ou sen posta en escena, de multitude de obras, favorecidas pola propia existencia da institución citada ou doutras privadas, como a Escola Dramática Galega, que publica no seu boletín mensual dende 1978 unha peza dramática de autores como Francisco Pillado, Manuel Lourenzo, Euloxio Ruibal, Xesús Pisón...

Podemos distinguir tres fases no teatro actual:

a) **Formación de compañías profesionais** (1978-1983). Grupos nados ao redor das Mostras de Ribadavia emprenden a aventura de facer do teatro a súa profesión, superando polo tanto a fase de afeccionados na que debían vivir doutro traballo. Podemos destacar Sarabela Teatro, en Ourense, como compañía exitosa que segue en primeira liña na actualidade. No plano estético, as obras de intencionalidade política explícita ou alegórica van deixando paso a propostas máis diversificadas e máis complexas.

b) **Institucionalización** (1984-1991). O primeiro fito é a creación do Centro Dramático Galego (1984), primeira compañía pública dependente da Consellería de Cultura, ademais da convocatoria de diversos premios amparados por outras institucións públicas. Xorden ademais novas compañías profesionais (Teatro do Morcego, Cangas, 1989).

c) **Desenvolvemento** (ata a actualidade). Multiplícanse as compañías profesionais e aparecen outras de teatro alternativo ou experimental. Ponse en funcionamento a Rede Galega de Teatros e Auditorios (1996) o que permite unha oferta máis estábel e descentralizada e no curso 2005/06 arranca en Vigo a Escola Superior de Arte Dramática, primeiro centro oficial para o ensino e aprendizaxe teatrais. Ao longo destes 30 anos van aumentando tamén as publicacións e coleccións de teatro, como os Cadernos da Escola Dramática Galega ou os Libros do Centro Dramático Galego publicados por Xerais, pero tamén neste campo o teatro é a “Cinsenta” da literatura.

Paralelamente, a produción escénica vai gozar dunha boa saúde debido a uns factores favorecen o seu desenvolvemento:

- A proliferación de festivais e certames de teatro: Mostra de Teatro Universitario de Galiza (MITEU), Feira Galega das Artes Escénicas (Santiago), etc.

- As publicacións e coleccións de teatro: Cadernos da Escola Dramática Galega (que recollen os textos galardoados en diversas convocatorias), Colección A Pinguela...

- Os premios literarios (que incentivan a creación): Premio Rafael Dieste, Premio de Teatro da Escola Dramática Galega, Barriga Verde (infantil).

- A aparición de compañías e grupos profesionais. Nos anos 80 destacan Chévere, Sarabela Teatro, Teatro do Morcego, Teatro do Noroeste, Teatro de Ningures; e dos 90 ata a actualidade nacen novas compañías: Lagarta Lagarta, Mofa e Befá, Uvega Teatro, Ollomoltranvía, Os Quinquilláns...

- A creación no 1984 do teatro institucional co Centro Dramático Galego (CDG), dependente da Xunta, co obxectivo de desenvolver a actividade teatral de carácter profesional en Galicia.

- O nacemento do teatro infantil e xuvenil. Amplíase o mundo teatral para nenos con pezas de boa calidade: mimos, títeres, marionetas, animación na rúa ou en locais grazas aos narradores orais que abranguen unha gran variedade de público.

- A creación en Vigo da Escola Superior de Arte Dramática (2005), primeiro centro oficial para o ensino e aprendizaxe teatrais.

Entre os 80 e os 90 pasouse do marco do esteticismo e temas socio-políticos ao da variedade formal e temática. O lastre da falta de público e da escaseza de salas de representación e iniciativas editoriais será permanente, mais os certames e premios estimulan a actividade teatral (Biblioteca do Arlequín, libros do CDG e *Cadernos da EDG*), que xa non presenta o anterior e recorrente desfase entre o momento de creación e publicación da obra. Daquela, tamén xorden as **compañías** estables e itinerantes: Artello, Ítaca, Compañía Luís Seoane (con sala permanente), Matarile, Sarabela, Ollomol, Teatro do Morcego, Chévere (que logo fundaría a actual Sala Nasa, que alterna as representacións teatrais coas musicais)... Despois da creación do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais en 1990, aumenta considerablemente o número de compañías (Ollomol-Tranvía, Áncora, Factoría Teatro...) até un total de corenta e seis rexistradas legalmente no ano 2000, por exemplo.

XERACIÓN DOS 80

A finais dos 70 xorde o **teatro profesional** e as compañías teatrais estables como Teatro de Ningures (1987) ou Ollomol, etc, xa comentados antes e o Centro Dramático Galego (1984) o primeiro grupo profesional institucional, xa que depende da Dirección Xeral de Cultura. O CDG fai tanto versións de clásicos

(*O enfermo imaxinario de Molière, Calígula*), como produción propia (*O ano do cometa*, 2004). Conta asemade coa publicación propia Os libros do Centro Dramático Galego.

A xeración dos 80 é moi variada, de **grande heteroxeneidade temática**, xa que non se fai exclusivamente teatro comprometido coa sociedade e esta xa non ten o carácter belixerante de etapas anteriores. **Os textos son moi líricos e simbólicos.**

Algunhas das tendencias e ou trazos comúns –que xa se iniciaran co Grupo Abrente–e continuarán ata os nosos días son:

O **metateatro**: o teatro dentro do teatro ou a interpretación da vida como unha representación teatral ao estilo do teatro de Shakespeare, reflexión sobre o discurso teatral, a autoría, a obra, os personaxes, o público... Este metateatro vén influenciado polo teatro do absurdo. Os dramaturgos galegos frecuentemente facían uso deste para reflexionar sobre a natureza do teatro, as súas convencións e o seu papel na sociedade. Desafiaban as expectativas do público, presentando situacións absurdas e inesperadas, e moitas veces rompían a cuarta parede para interpelar directamente o espectador.

O **culturalismo**, materializados en textos cun forte contido simbólico e lírico. Forma de defensa da identidade e a promoción da cultura galega. Poden abordar temas como a emigración, a historia, a identidade galega, etc. Ten un ton claramente didáctico.

Outras características son: o **afastamento da realidade inmediata**, o emprego da **ironía** e o **humor**, case sempre á beira do **absurdo**, e uns personaxes caracterizados polo **anonimato** (denominados El, Ela, Marido, Muller...., moitas veces convertidos en máscaras ou monecos). Outros estudos sinalan tamén: o **neorruralismo** (con autores como Raúl Dans), o **historicismo** (con Millán Picouto), **posmoderno** (de Gustavo Pernas) e a **intertextualidade lúdica** (de Cándido Pazó)

Autores cultivadores do teatro culturalista son Miguel Anxo Fernán-vello, que escribe sobre temas relacionados coa condición humana (o amor, a soidade, etc.), en pezas como *A tertulia das máscaras*, *Cuarteto para unha noite de Verao* ou *A casa dos afogados*; ou Inma Souto, que crea pezas de marcado lirismo (*Era nova e sabía a malvaísco*). Outros dramaturgos da xeración son Xesús Pisón, cunha obra moi persoal, cultiva tanto a sátira coma o drama (*O pauto*, *Venenos*) e procura novos camiños expresivo-formais en *Teatro-minuto*, ao desapareceren as didascalias e abreviarse os textos ao máximo; ou Teresa Moure (*Unha primavera para Aldara*).

Hoxe en día practicamente todos estes dramaturgos seguen creando e colaboran asiduamente nas numerosas actividades teatrais que hai ao longo do territorio galego.

XERACIÓN DOS 90

En 1990 créase o **Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais IGAEM** (1989) e a **Comisión de Teatro do Consello da Cultura Galega**, o que fai fomentar o teatro, xa que establecen convenios anuais con distintas compañías teatrais, o que supón a estabilidade das axudas económicas. Desde 1991 o CDG adscríbese ao IGAEM.

Apreciamos nos novos autores unha maior especialización no traballo teatral e consecuencia disto é o auxe da figura do **autor-director-tradutor** (fronte a aqueles autores que só se achegaran á creación dramática por simple curiosidade artística). Agora os autores preocupáranse por crear **obras de fácil representación**, cunha **menor carga simbólica** e **culturalista** cás da xeración anterior. Outras características son o **predominio da comedia** e o recurso á **intertextualidade** (elaboración de obras baseadas noutras creacións ou en argumentos xa existentes). O teatro faise máis **lúdico** e **busca un maior achegamento ao público** para contribuír á normalización do teatro.

Cultivadores da sátira e da comedia son **Cándido Pazó**, autodidacta do teatro, ligado a diversas compañías e que ten unha longa traxectoria como contacontos (*O merlo branco* ou *O bululú do linier*) e con adaptacións teatrais como *Memorias dun neno labrego*, baseada na novela de N. Vilas; e **Quico Cadaval**, tamén contacontos, actor e brillante director que escribe *Códice clandestino*, baseado nas nosas cantigas medievais, ou *Obra*. O actor, autor e guionista **Raúl Dans** é tamén unha das figuras sobranceiras da década, con pezas de grande calidade dramática: *Lugar*, *Matalobos* (traxedia rural) ou *Derrota*. Destacan tamén e **Miguel Anxo Murado** con *A grande noite de Fiz*, mesmo o narrador **Suso de Toro** coa obra *Unha rosa é unha rosa*, **Manuel Núñez Singala** (*O achado do castro*, *Comedia bífida*).

O NOVO MILENIO

A nómina de autores e obras aumentaron considerablemente nos últimos anos. A principal característica segue a ser a **heteroxeneidade de temas**, con tendencia a un teatro máis **lúdico** con predominio da **ironía** e a **parodia como forma de reflexionar sobre temas da actualidade**.

Tamén adquire relevancia o **teatro experimental** (no que se mesturan diversas técnicas –clown¹– e se poñen en escena representacións próximas á performance²). En calquera caso, preténdeselle dar **maior importancia á representación fronte á creación literaria** coa intención de crear un **teatro-espectáculo** que atraía o interese do público.

Aínda que situado nun momento crucial da súa historia, o teatro galego non conseguiu –en conxunto– a estabilidade, desenvolvemento e difusión que os dramaturgos esperan.

É evidente que o teatro galego atinguíu signos de madurez e conseguiu moito na consolidación da dramaturxia na sociedade. Así e todo, pese aos avances aínda non se acadou a normalización completa no teatro galego. Quedan aínda moitas cousas por facer como: acostumar un público lector á recepción de obras teatrais, algo que debe comezar pola escola. Quizais hoxe en día o teatro se asemella aos outros xéneros literarios: prodúcese máis do que se consome e o

¹ Clown: o actor é unha especie de xograr que traballa cara ao público partindo da intuición, a espontaneidade e a improvisación, afastándose da tradicional memorística do texto. Os propios autores e actores Cándido Pazó e Quico Cadaval son bos representantes deste tipo de teatro.

² Performance: ou acción artística é un espectáculo representado en directo ante un público, no que se combinan 3 diferentes formas de expresión (danza, teatro, música, cine e artes plásticas). Caracterízase pola espontaneidade e a improvisación, e a provocación ou o asombro, así como o sentido da estética, xogan un papel principal. Pode ocorrer en calquera lugar, iniciarse en calquera momento e pode ter calquera duración.

espectador ten certa desorientación ante a oferta e ante a dispersión motivada polo carácter itinerante das compañías e dos circuítos teatrais que percorren.

Autores e as súas obras:

Entre os **autores** debemos comezar por lembrar a boa parte dos que participaron nas Mostras de Ribadavia, como **Euloxio Rodríguez Ruibal**, **Manuel Lourenzo** ou **Roberto Vidal Bolaño**, auténticos “pais” do teatro actual e cuxa obra pertence maioritariamente a esta etapa. Aínda que é moi difícil facer unha selección dos autores máis (por non haber o suficiente distanciamento nin perspectiva histórica), citaremos algúns:

***Manuel Guede Oliva** (1956). Tradutor e adaptador de autores clásicos (Molière, Shakespeare, Ibsen...) foi director do Centro Dramático Galego durante tres lustros, foi premio Álvaro Cunqueiro (o máis prestixioso en teatro) no ano 2006 cunha obra protagonizada por *La Bella Otero*.

***Joao Guisán Seixas** (1957). Características de toda a súa produción son a ironía e a personificación de elementos da escenografía.

***Xesús Pisón** (1954). Cunha obra moi extensa caracterizada pola axilidade da lingua e o logrado ritmo escénico, a súa temática é moi variada: desde a crítica social evolucionou a un teatro pesimista e cheo de amargura sobre as dificultades das relacións humanas. Ten tamén teatro infantil de carácter fantástico moi afastado desa visión pesimista.

***Quico Cadaval** (1960). Actor, contacontos, director e autor teatral.

***Cándido Pazó** (1960). Tamén actor, guionista, contacontos, director e autor teatral, é un dos máis orixinais, prolíficos e premiados da actualidade. Os seus textos potencian os monólogos ou diálogos que poñen en evidencia as ambicións, carencias e contradicións dos seres humanos. Fixo unha adaptación, *Nano*, da novela *Tic-tac* de Suso de Toro.

* **Manuel Núñez Singala** (1963). *O achado do Castro*, *Comedia bífida* (representadas en multitude de ocasións)...

*Ademais, **Henrique Rabuñal**, **Miguel Anxo Fernán-Vello**, **Gustavo Pernas** (con moita obra publicada), **Lino Braxe**...